

AULA DE CONVIVENCIA. PROCEDEMENTO 2010-11

IES FIN DO CAMIÑO. FISTERRA.
PLAN DE CONVIVENCIA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. DEFINICIÓN	4
3. MODELO	5
4. OBXECTIVOS:.....	8
5. FUNCIONAMENTO	8
7. COORDINACIÓN E INFORMACIÓN.....	15
8. RESPONSABILIDADES	16
MATERIAIS ANEXOS.....	18
EXPLICACIÓN DAS FICHAS E ANEXOS BÁSICOS.....	19
ANEXO I. FICHA DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA E XEFATURA	22
ANEXO II. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (PRIMEIRA VEZ).....	23
ANEXO III. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (SEGUNDA VEZ)	24
ANEXO IV. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (DANOS MATERIAIS).....	25
ANEXO V. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (DATOS PERSOAIS).....	26
ANEXO VI. FICHA RESUMO DA AULA DE CONVIVENCIA.....	27
ANEXO VII NOTIFICACIÓN DE EXPULSIÓN -SOLICITUDE DE MATERIAL CURRICULAR.....	29
ANEXO VIII. NOTIFICACIÓN DE PRIVACIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA	31
ANEXO IX. AULA DE CONVIVENCIA- TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNO/A.....	33
ANEXO X. INFORME DA ACTITUDE DO ALUMNO/A	34
ANEXO XI. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	36
ANEXO XII. CARTA ÁS FAMILIAS.....	37
ANEXO XIII. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS QUE NON AUTORIZAN MENSAXE SMS/ E-MAIL	38

ANEXO XIV. REGISTRO INDIVIDUALIZADO DE CONDUCTA	39
ANEXO XV. ENQUISA DE VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA	41
ANEXO XVI. ENQUISA DE VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA:	42
ENQUISA Ó ALUMNADO	42
ANEXO XVII. MANUAL DO PROFESORADO QUE ATENDE A AULA DE CONVIVENCIA	45

1. INTRODUCCIÓN:

O RD 732/1995 polo que se regulan o dereitos e deberes, apunta no artigo 42 que os incumprimentos das normas de convivencia terán que ser valorados considerando a situación e as condicións persoais do alumnado. Tamén, no artigo 43, sinala que as correccións que deban aplicarse polo incumprimento das normas de convivencia, deberán ter un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto ós dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Polo tanto, fúxese da aplicación ríxida e global das medidas correctoras. Aplicar correccións por igual (por exemplo: 3 partes leves= 1 grave; 3 partes graves= expulsión á casa), acaba por ser discriminatorio, ó non entender que cada alumno/a é diferente, por non se adaptar de xeito flexible á diversidade de situacións familiares, persoais e sociais que rodean ós problemas de conduta.

Moitas veces, na convivencia do día a día, ó alumnado ten poucas oportunidades, espazos ou tempos para reflexionar sobre as súas condutas contrarias ás normas, derivadas en parte por a organización actual en clases de 50 minutos, con diferentes profesores e profesoras e materias varias.

Outras veces, o feito de afastar ao alumnado momentaneamente da aula, evita que o conflito escale, ó desaparecer os comportamentos que reforzan as condutas contrarias ás normas, a saber, manter o desafío ó profesorado reafirmando diante dos demais, chamar a atención, etc.

2. DEFINICIÓN

A Aula de convivencia é unha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos. Baséase na visión positiva do conflito, entendéndoo como oportunidade para a reflexión, para a integración democrática das normas e para a mellora persoal e da institución escolar.

A Aula de Convivencia (no marco do Plan de Convivencia) é unha ferramenta da que pode valerse o centro para resolver democráticamente os conflitos, antes de aplicar as medidas sancionadoras que supoñan a privación do dereito de asistencia.

A aula de convivencia do IES FIN DO CAMIÑO integra 3 modalidades:

A Aula de Convivencia como aula de reflexión é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” á xefatura de estudos ou os “tempo fora” da aula. Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ó adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ó cambio, ofrecendo unha resposta tanto ós conflitos puntuais na aula como ó alumnado con problemas persistentes de conduta.

A Aula de convivencia como aula de traballo trata de dar solución ó alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

A Aula de Convivencia como observatorio da convivencia, procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Estes datos son utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso en particular, a cada grupo clase, a cada profesor/a, etc.

3. MODELO

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS PARA GARANTIR A INCLUSIVIDADE

Características xerais dun modelo de aula de convivencia:

1. Inclúense 3 vertentes de aula de convivencia no centro: aula de reflexión, aula de traballo e observatorio da convivencia.
2. Contarase cunha persoa coordinadora con atribución horaria dentro do horario lectivo.

3. O número de persoas que atende a Aula de Convivencia debe ser o menor posible co fin de garantir a súa coordinación.
4. Débese garantir a formación continua do profesorado que atende o aula de Convivencia na resolución pacífica de conflitos.
5. O procedemento para corrixir as condutas contrarias ás normas ten carácter flexible e deberá adaptarse ás características particulares do alumnado, do seu ambiente sociofamiliar e do historial previo de solucións intentadas.
6. Como norma xeral, excepto problemáticas habituais ou nas que é necesaria a actuación urxente, as medidas preventivas ou correctoras, tomaranse en pequeno grupo, incluídas aquelas que impliquen a derivación do alumnado á aula de traballo. Evitarase, en todo caso, a redundancia nas solucións intentadas, na procura doutras de carácter creativo e reparador.
7. Garantirase unha ferramenta informática para o arquivo e a análise rigorosa dos conflitos e das solucións intentadas, evitando o fluxo de papeis innesarios entre os membros da comunidade educativa.
8. A aula de Convivencia someterase a avaliación continua por parte do claustro, do observatorio da convivencia e do consello escolar, co obxecto da corrección das posibles dificultades e o avance continuo.

De xeito específico, gardaríanse as seguintes características inclusivas:

◆ Aula de reflexión:

- É preciso acordar entre todos os motivos polos que se pode derivar a un alumno á AR e polos cales non.
- O alumnado debe poder voltar á aula ordinaria se o profesor da aula de convivencia o considera.
- O número de profesores/as que atenderán a AR debe ser o menor posible. Este debe estar coñecer un modelo concreto de entrevista e as fichas de reflexión determinadas, co obxecto de evitar as actuacións dispares.
- O profesor que deriva á AR debe coñecer e interesarse polo resultado da reflexión.
- Limitarase o nº de veces que un alumno/pódea pasar polo aula de reflexión.

- Limitarase o nº de veces que un profesor/a pode derivar ao aula de reflexión a un alumno/a en particular, se existise un conflito profesor/a- alumno/a e non se intentaron outras alternativas para a súa resolución.

◆ Aula de traballo:

- o alumno acudirá á aula de traballo con material curricular actualizado, que será revisado e calificado.
- durante o periodo de expulsión é preciso preparar a reincorporación do alumno no grupo clase e traballar coas condicións que reforzan a súa conducta
- Limitarase o nº de veces que un alumno poida ser sancionado á AT.
- Como norma xeral, a familia e o profesorado deben coñecer o resultado da entrevista ou dos acordos acadados. Tanto o alumno/a como a súa familia deberán ser parte activa da resolución dos seus propios conflitos.
- As familias deben ser informadas e implicarse nos acordos ós que se chegaran na AR ou na AT.

◆ Observatorio semanal:

- Contarase cunha reunión semanal dentro do horario lectivo entre os membros da Aula de Convivencia, a xefatura de estudos, a dirección e a xefatura do departamento de orientación coa participación, se os casos a tratar o aconsellan, dos servizos sociais ou sanitarios. Se por dificultades organizativas non poida ser, alomenos requirirase unha reunión semanal entre o seu coordinador/a, o orientador/a e a xefatura.
- A información debe ser transmitida ós titores nas reunións semanais cos titores e titoras.
- Co obxecto de redundar nas mesmas actuacións, levarase a cabo un rexistro das solucións intentadas. Seguirase un modelo flexible para establecer as medidas correctoras, adaptado ás características persoais e sociofamiliares do alumnado, así como ao historial previo de solucións intentadas.

4. OBXECTIVOS:

1. Aproveitar o espazo para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo, evitando a escalada do conflito.
2. Establecer un espazo que lle permita ao alumnado distanciarse do foco do conflito, ou das circunstancias que o orixinan. Conseguir o tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e buscar posibles solucións.
3. Evitar a saturación da xefatura de estudos pola comparencia constante de alumnado con problemas puntuais de conduta.
4. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días.
5. Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumnado cos seus problemas de conduta.
6. Xestionar de xeito coordinado e centralizada os conflitos do centro, ofrecendo respostas adaptadas ao grupo clase, o historial previo, as condicións sociofamiliares e as solucións antes intentadas.
7. Medir a conflictividade no Centro.

5. FUNCIONAMENTO

A Aula de Convivencia estará atendida en horario lectivo polo profesorado que realiza funcións de garda específica nesta aula, preferentemente de entre os que o solicitaron voluntariamente. A selección realizarase por parte do equipo directivo, atendendo ós seguintes criterios de:

- Formación e interese polo tema
- Experiencia previa
- Participación no grupo de traballo de convivencia do centro

a. A Aula de Convivencia como Aula de Reflexión (AR):

O alumnado que impida o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de pór en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á Aula de Convivencia. Para tal fin, seguirase un sistema de 9 pasos:

1. O profesor/a cubrirá o formulario “Derivación á Aula de Convivencia e Xefatura”. Na ficha especificanse de antemán os conceptos polos que se poden derivar a un alumno/a á aula de reflexión, especificando detalladamente o motivo polo que o envía. Como norma xeral, non se enviará a un alumno á AC se faltan 10 minutos ou menos para o cambio de clase, xa que non daría tempo á entrevista.
2. O alumnado acudirá á sala de profesores, onde o profesor/a de garda o acompañará ata a Aula de Convivencia.
3. O profesorado da Aula de Convivencia iniciará unha entrevista co alumno/a, co fin de acadar un compromiso concreto de mellora.
 - O alumno/a cubrirá a “ficha de reflexión. Primeira vez” se fóra a primeira vez que acode á AC, ou ben a primeira vez que acode por ese motivo ou,
 - a “ficha de reflexión, segunda vez”, se fose a segunda vez que acode por motivos similares ou,
 - fichas de reflexión adaptadas á problemática do alumno, se fose habitual a súa presenza polo mesmo motivo ou similares ou,
 - soamente unha entrevista, tomando como modelo o documento “manual do profesorado que atende á aula de convivencia”.
4. Rematado este proceso, o alumno/a voltará a súa aula ordinaria. O profesorado da Aula de Convivencia acordará as condicións de regreso á aula (petición de disculpas, pedir permiso ó entrar, etc).

5. O profesor/a que atende a Aula de Convivencia redactará o formulario “ficha resumo da entrevista” autocopiable, que remitirá á xefatura de estudos. Remitirase á persoa coordinadora o formulario de derivación e calquera ficha de reflexión que existise para o seu arquivo.
6. A xefatura de estudos, atendendo ó procedemento sancionador e dos acordos acadados na reunión do observatorio, imporá a sanción pertinente nos casos necesarios, facéndoo constar na “ficha-resumo da entrevista” e que serán comunicados á familia por SMS automático xunto cos posibles acordos.
7. Recibirá copia da “ficha de resumo da entrevista” a persoa coordinadora. Colocarase tamén na sala de profesores/as para consulta do profesorado que lle puxo a falta e do titor/a durante unha semana.
8. Introducirase un punto na orde do día da reunión semanal das persoas titoras co departamento de orientación, onde a xefatura de estudos informará das medidas correctoras adoptadas.

O alumnado que cometa condutas contrarias ás normas durante o período de recreo, poderá ser enviado á aula nas horas que se determinen, segundo a decisión da xefatura de estudos.

b. A aula de convivencia como Aula de Traballo (AT):

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos mesmos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria poderá cumprila na Aula de Convivencia, segundo o procedemento de sancións, de acordo co seguinte modelo de 6 pasos:

1. A xefatura de estudos, unha vez escoitada á persoa titora, á persoa coordinadora e o/a orientador/a, elaborará un informe indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno ou alumna, mediante a “*ficha de información e solicitude de material curricular*”
2. A xefatura, solicitará ao equipo educativo as actividades formativas para o periodo de expulsión, mediante a “*ficha de información e solicitude de*

material curricular“, que se colocará no libro de gardas. Este proceso non deberá excederse de 2 días.

3. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumnado deberá realizar e entregaraas, nos prazos estipulados á persona coordinadora. O traballo pode implicar directamente á familia, co apoio dos servizos sociais. O traballo pode realizarse tamén dentro do grupo-clase na hora de titoría co apoio do profesorado titor.
4. A xefatura de estudos ou a dirección comunicará a medida correctiva e os seus resultados:
 - Ó alumno /a e á súa familia: Por teléfono, mensaxe de texto ou e-mail, indicando os motivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará. Podería solicitarse tamén a colaboración da familia co fin de alcanzar os obxectivos fixados.
 - Ós responsables da Aula: mediante nota informática. Por outra parte, farán constar as actividades realizadas durante a súa garda e a actitude do alumno na **“Ficha informe de actitude do alumnado”**.
5. Nos últimos minutos da última hora do periodo de expulsión, o profesorado da AT, axudará ó alumno a levar ó casilleiro do profesorado correspondente o material curricular que tivera traballado de cada materia logo de que o alumno/a cubrise a ficha **“traballo realizado polo alumno/a”**. O material de modificación de conduta quedará arquivado na Aula de Convivencia. Farase copia da **“Ficha informe de actitude do alumnado”** á persoa titora.
6. Cando un/a alumno/a acoda por segunda vez á AT abrírase ficha de **“registro individualizado de conduta”** que ten por obxecto, rexistrar e elaborar hipóteses sobre o mantemento do problema.

Na procura da inmediatez das sancións, co obxecto de corrixir as condutas contrarias ás normas do alumnado privado do acceso á AR ou ben aqueles casos excepcionales que o OC determine, poderá crearse un banco de material curricular de repaso ou reforzo das distintas materiais, co obxecto de lograr a

expulsión inmediata á AT dende o momento do parte ata o final das sesións lectivas dese día.

Por outra banda, levarase a cabo a coordinación necesaria para que o alumno/a privado do dereito de asistencia ó centro, poda desenvolver as tarefas curriculares no concello, coa colaboración da educadora familiar.

c. A aula de convivencia como Observatorio da Convivencia (OC):


A xefatura de estudos, o director, a xefa do departamento de orientación, a coordinadora da AC e da mediación escolar, e outros profesionais que se requiran dos servizos sociais ou sanitarios, terán unha reunión semanal dentro do horario lectivo, con orde do día e lectura de acta. Orientarase ós seguintes obxectivos:

- Propor solucións sobre os conflitos que se detectaran durante a semana, adaptados á problemática de de cada alumno/a en particular, de cada grupo clase, profesor ou organización de centro.
- Proceder coordinadamente nas entrevistas adaptadas ó alumnado
- Medición da conflictividade do centro. Estudio sobre medidas preventivas.

O observatorio poderá propoñer solucións que afecten o conxunto da comunidade educativa como:

- a convocatoria ó equipo docente,
- a actuación do equipo de mediación,
- o traballo dun tema específico na titoría,
- a entrevista conxunta coa familia
- a organización dos grupos clase
- o asesoramento particular a un profesor/a concreto ou á persoa titora con dificultades cun alumno/a ou cun grupo clase.

Esquema explicativo de la coordinación entre las decisiones del OC –tutores- familia




6. PROCEDEMENTO CORRECTOR :

A través da seguinte táboa, pódense comprender o procedemento de sancións que se seguirá, de acordo aos agravantes e atenuantes previstas no regulamento de réxime interno. Seguirase un modelo flexible para establecer as medidas correctoras, adaptado ás características persoais e sociofamiliares do alumnado, así como ao historial previo de solucións intentadas.

Por outra banda, o OC e a Xefatura terán en conta as atenuantes e agravantes previstos no regulamento de réxime interior.

PROCEDEMENTO PARA CORREXIR AS CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS



ATENUANTES E AGRAVANTES NO CASO DE REINCIDENCIA

A efectos de graduar as medidas correctoras débense ter en consideración, as seguintes circunstancias que atenúan a gravidade:

- A situación sociofamiliar do alumno/a, cando se prevea que a expulsión á casa non supoña beneficio educativo.
- O recoñecemento espontáneo dunha conduta incorrecta.
- A ausencia de medidas correctoras previas.
- A petición de excusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do centro.
- O ofrecemento de actuacións compensadoras do dano causado.
- A falta de intencionalidade.
- A vontade do infractor de participar en procesos de mediación, se se dan as condicións para que esta sexa posible, e de cumprir os acordos que se adopten durante os mesmos.
- O absentismo escolar á hora de valorar a privación do dereito de asistencia

Pódense considerar como circunstancias que aumentan a gravidade:

- Os danos, inxurias ou ofensas a compañeiros ou compañeiras de menor idade ou de nova incorporación, ou que presenten condicións persoais que leven desigualdade ou inferioridade manifesta, ou que estean asociadas a comportamentos discriminatorios, sexa cal for a causa.
- As condutas atentatorias contra os dereitos dos profesionais do centro, a súa integridade física ou moral, e a súa dignidade. A premeditación e a reincidencia.
- A utilización das condutas con fins de exhibición, comerciais ou publicitarios.
- As realizadas colectivamente.

- Limitarase o nº de veces que un alumno/a pode pasar pola aula de convivencia. Nese caso derivarase directamente á xefatura co obxecto levar a cabo un procedemento específico acordado.
- Limitarase o nº de veces que un alumno/a pode pasar pola aula de convivencia. Limitarase ó nº de veces que un profesor/a pode derivar á AC a un alumno/a en particular, si existira un conflito profesor/a-alumno/a e non se intentaran outras alternativas para a resolución do mesmo.

7. COORDINACIÓN E INFORMACIÓN

A aula de convivencia contará cunha persoa coordinadora, con asignación de horas dentro do seu horario laboral para tal fin. Procurarase unha coordinación constante mediante:

- Reunión semanal entre o profesorado que atende a Aula, a dirección e a xefatura de estudos.
- Reunión semanal da xefatura de estudos cos titores e titoras e orientación.
- Reunións sempre que se necesiten do equipo docente do alumnado reincidente.

Así tamén, procurarase a fluxo de información constante mediante:

- Mensaxe de texto ou e-mail as familias inmediata resumindo as faltas de conduta, mediante a plataforma de enlace con SIXA.
- Informe mensual ó profesorado titor sobre o alumnado atendido ou sancionado na Aula de Convivencia,
- Ó Informe trimestral xeral ó Observatorio de Convivencia de Centro e Claustro.

8. RESPONSABILIDADES

Coordinador/a da Aula:

- Promover a formación continua do profesorado da Aula de Convivencia sobre a temática de resolución de conflitos. Informar sobre o funcionamento da Aula de Convivencia.
- Proporcionar materiais para a formación do profesorado da Aula de Convivencia sobre estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Facer o seguimento, xunto coa xefatura de estudos, do alumnado que pasa pola Aula de Convivencia.
- Deseñar a proposta de traballo de modificación de conduta/reflexión xunto co departamento de orientación do alumno/a durante os períodos de expulsión á Aula de Convivencia.

Profesorado da Aula de Convivencia:

- Arquivar correctamente ó alumnado na base de datos SIXA, derivándoo correctamente, de ser o caso, cara outras instancias do centro, a saber:
 - Derivar á xefatura de estudos/dirección
 - Derivar ó Servizo de Mediación Escolar
 - Derivar ó Departamento de Orientación
- Axudar a reflexionar ao alumnado que acode a este servizo, impulsándoo á redacción de compromisos de mellora.
- Redactar fichas de reflexión para o seu uso co alumnado con problemas de conduta e formarse na resolución pacífica de conflitos.

Profesorado titor: visto os informes individuais dos alumnos, intervirá si o considera:

- Falando individualmente co alumno/a
- Propoñendo unha entrevista titor-familia
- Derivándoo ao departamento de orientación
- Traballando o tema na reunión semanal cos alumnos/as
-

Xefatura de estudos:

- Colaborar co coordinador/a da aula no seguimento do alumnado que acode á Aula de Convivencia.
- Redactar os informes mensuais e trimestrais de información á comunidade educativa.
- Informar ó profesorado, ó alumnado e as familias das expulsións á AT.
- Recopilar o material curricular preciso para a atención do alumno/a durante os períodos de expulsión.

Profesorado que expulsa: Cubrir correctamente o parte de conduta e atender ás reflexión e compromisos que fixo o alumno/a na AC.

Profesorado do grupo-clase: Proporcionar o material curricular con prontitude, para o traballo do alumno/a durante o período de expulsión á Aula ou á casa.

Proporcionar o material de repaso ou reforzo para o alumnado privado do acceso á AR ou aqueles casos excepcionais que o OC determine sancionar con inmediatez.

Departamento de orientación: deseñar o material de reflexión e modificación de conduta acordes coa problemática do alumno/a. Cumprimentar, co apoio da coordinadora e do OC o rexistro individualizado de conduta.

MATERIAIS

ANEXOS

EXPLICACIÓN DAS FICHAS E ANEXOS BÁSICOS

ANEXO N° 1: Ficha de derivación ao Aula de Convivencia(AR) e Xefatura de Estudos: Para a elaboración desta ficha estudáronse previamente as condutas contrarias ás normas máis comúns. Despois, hanse categorizado e seleccionado aqueles que se consideran obxecto de expulsión ao aula de convivencia, co fin de evitar expulsións inxustificadas ou sen sentido ao AR. Por outra banda, hase incluído outra táboa para o alumnado que xa acuda moitas veces ao AR, incumprindo os seus propios contratos, polo que deben agora ser derivados á xefatura de estudos.

ANEXOS N° 2,3,4 y5: Fichas de reflexión do alumnado: Estas baseadas no modelo sociocognitivo. Utilízanse para unha entrevista rápida co alumnado. Tamén son útiles cando chegan dous alumnos á vez e non é posible ter un trato individualizado ou ben cando se lle presupón capacidade suficiente para unha reflexión autónoma.

ANEXO N° 6: Ficha resumo do aula de convivencia (AR): supón o resumo nunha soa folla de todo o proceso do conflito desde o seu comezo ata a súa sanción. É un material autocopiable.

ANEXOS N° 7 Y 8: Notificación de expulsión-solicitud de material curricular: colócase na sala de profesores nun lugar visible para solicitar antes de 2 días o material curricular para a AT, previa a cumplimentación pola Xefatura e o/a coordinador/a.

ANEXO N° 9: Traballo realizado polo alumno. Na última hora de expulsión, o alumno cóbrea para cada materia, anexando o seu traballo. Despois faia chegar á marcadora do

ANEXO N° 10:Informe da actitude do alumno/a: supón un resumo do traballo e actitude do alumno durante o período de expulsión e queda constancia no aula.

ANEXO N° 11: Información ás familias: información ás familias sobre a súa derivación á AT ou sobre a privación do dereito de asistencia. Inclúe a sinatura do alumno co obxecto comunicarlle a sanción e recordarlle a súa responsabilidade de

levar de que se levar o material profesor/a .

ANEXO N° 12: CARTA AS FAMILIAS: información ás familias informando sobre o feito de que as decisións disciplinarias que toman en pequeno grupo, de utilidade para aquelas familias que consideran que se está a actuar inxustamente co seu fillo/a.

ANEXOS N° 13: Información ás familias que non autorizan SMS ou E-mail. Información básica enviada por correo ordinario ás familias que non teñen ou non autorizan SMS ou E-mail.

ANEXO N°14: Rexistro individualizado de conduta: é unha rexistro acumulativo que se actualiza cada ano. Resúmese a información máis relevante a nivel conductual. Cóbrese a 2º vez que un alumno vai á AT e utilízase cando é necesario sancionarlle, pois aquí constan as solucións intentadas anteriormente polos diferentes axentes, así como hipóteses sobre que está mantendo o problema.

ANEXOS N° 15 E 16: Enquisas de valoración do AC. Supón unha ferramenta básica de valoración trimestral da medida, destinada a solicitar datos dos distintos axentes da comunidade educativa para o seu estudo na OC e a mellora organizativa

ANEXO N° 17: Manual do profesorado que atende o AR. Baseado no modelo de terapia familiar breve do paradigma sistémico, supón un soporte teórico para o profesorado que atende a AR e oriéntase a unificar pautas comúns para a entrevista. Require adestramento.



ANEXOS AULA DE
REFLEXIÓN

ANEXO I. FICHA DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA E XEFATURA

PROFESOR/A:	GARDA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
ALUMNO/A:	MATERIA:	
GRUPO:	DATA:	SESIÓN:

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS

- Falar, interromper reiteradamente facendo caso omiso das advertencias
- Maltrato do material común ou alleo.
- Agresión ou discriminación verbal leve
- Deixarse influenciar, rir as "gracias" continuamente dos compañeiros
- Agresión física leve
- Outras: _____
- Contestación, indisciplina ou falta de respecto

Descrición da conduta:

Sinatura do profesor/a:

DERIVACIÓN Á XEFATURA DE ESTUDOS

Só no caso do alumnado privado do acceso á Aula de Convivencia ou condutas gravemente perxudiciais

Descrición da conduta:

Sinatura do profesor/a:

ANEXO II. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (PRIMEIRA VEZ)

NOME: _____ **GRUPO:** _____ **DATA:** _____

1. Relata que ocorreu na aula para que o profesor/a te mandase vir á aula de convivencia
2. Como te sentiches cando o profesor/a dixo que tiñas que vir aquí?
3. Que motivos cres ti que tivo o profesor/a para mandarte aquí?
4. Como cres que se sentiu a persoa afectada?
5. Intenta porte na situación do profesor/a. Que farías se alguén se comportase coma ti hoxe?
6. Se volve pasar o mesmo... Como poderías actuar para non ser expulsado?
7. Como podes facer para resolver este problema? Escribe a que te comprometes.



8. Como te sintes agora?

ANEXO III. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (SEGUNDA VEZ)*Alumno/a que acode por SEGUNDA VEZ con motivos semellantes*

NOME: _____ GRUPO: _____ DATA: _____

Unha persoa pode faltar á súa palabra e contradicir un acordo unha vez, pero non continuamente, máis aínda se temos en conta que o primeiro beneficiado es ti. A próxima ocasión non poderemos axudarche na “Aula de convivencia”, posto que isto demostraría que non serve para corrixir a túa conduta e a dirección do centro terá que imporche unha corrección doutro tipo.

Unha vez lida a ficha que escribiche a última vez, contesta con atención ás preguntas:

1. Escribe os teus compromisos da ficha nº1

2. De todo o que tiñas planeado ¿Qué saíu mal? ¿ Por qué?

3. ¿Qué podes facer para que as cousas saian mellor?

**NOVO
COMPROMISO:**



ANEXO IV. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (DANOS MATERIAIS)

NOME: _____ GRUPO: _____ DATA: _____

Eu, comprométome a reparar o dano causado ao material de _____ (1).

Para iso vou realizar as seguintes actividades _____ (2).

- Pedir desculpas.
- Arranxalo ou reparalo.
- Outras (3):

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

Fisterra, a..... de de 200.....

○ / a alumno/a:

.....

- (1) Persoas concretas ou común do Centro.
- (2) Sinalar
- (3) Indicar cales.

ANEXO V. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (DATOS PERSOAIS)

Eu _____, comprométome a reparar o dano causado a _____ (1), pola falta de respecto á súa persoa _____ (2).

Para iso vou realizar as seguintes actividades (3).

- Pedir desculpas.
- mediación
- Observar os aspectos positivos da súa persoa.
- Outras (4):

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

Fisterra, a..... de de 200.....

Asinado:

O / a alumno/a

(1) Persoas afectadas

(2) Insultándolle, pegándolle, mentíndolle, gritándolle, impedindo o desenvolvemento da clase...)

(3) Sinalar

(4) Indicar cales

ANEXO VI. FICHA RESUMO DA AULA DE CONVIVENCIA

DATOS DO ALUMNO/A EXPULSADO :

NOME:

CURSO E GRUPO:

DATA:

DATOS DO PROFESORADO QUE DERIVOU Á AULA DE CONVIVENCIA:

PROFESOR/A:

MATERIA/GARDA:

HORA:

Motivo polo que expulsa:

INFORME DA ENTREVISTA E ACORDOS:

COMENTARIO/SANCIÓN DA XEFATURA:

-GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN-



AULA DE TRABAJO

ANEXO VII NOTIFICACIÓN DE EXPULSIÓN -SOLICITUDE DE MATERIAL CURRICULAR

O/A alumno/a _____ cumprirá a sanción de _____ polas súas condutas contrarias ás normas, os días _____ de _____, polo que solicito o material curricular correspondente canto antes sexa posible.

Atentamente,

A XEFATURA DE ESTUDOS

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

ANEXO VIII. NOTIFICACIÓN DE PRIVACIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA

-SOLICITUDE DE MATERIAL CURRICULAR-

O alumno/a será privado do dereito de asistencia á clase (expulsión á casa) os díasde polo que solicito o material curricular correspondente canto antes sexa posible, especificando tamén si ten exame algún deses días.

Tómase a decisión polos seguintes motivos:

A sanción ten os seguintes obxectivos correctores:

Atentamente,

A XEFATURA DE ESTUDOS

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

MATERIA:
TAREFAS:

ANEXO IX. AULA DE CONVIVENCIA- TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:

EXERCICIOS DA MATERIA DE:

EXERCICIOS NON
REMATADOS:


VISTO POLO
PROFESOR/A DA
AT

ANEXO X. INFORME DA ACTITUDE DO ALUMNO/A

Nome do alumno/a:

Data de expulsión:

Sesión	Tarefas realizadas	Actitude do alumno/a
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		



Observatorio semanal

-GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN-

ANEXO XI. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**Privación do dereito de asistencia**

NOME:

DATA DA EXPULSIÓN:

Logo da oportuna reflexión sobre as condutas contrarias ás normas que se lle imputan, propóñense as seguintes medidas reparadoras:

- Expulsión á Aula de Traballo:** sendo atendido nesta aula no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta. É necesario traer todo o material escolar (libros, bolígrafos, compás, etc.).
- Realización de traballos curriculares fóra do periodo lectivo (pola tarde pero no instituto), comprometéndose a entregar o traballo curricular correspondente na conserxería.
- Expulsión a casa, acudindo ó concello coa educadora familiar (de 9 a 11) para realizar os traballos curriculares correspondentes e comprometéndose a entregalos na conserxería cando remate ó periodo de expulsión.
- Expulsión a casa, comprometéndose a entregar o traballo curricular correspondente na conserxería cando remate ó periodo de expulsión.

Para calquera aclaración, non dubide en chamar ou concertar cita no centro.

Enterado/a da decisión, asinan:

O alumno/a

O pai/nai/titor

A xefatura de estudos

ANEXO XII. CARTA ÁS FAMILIAS

Cada semana, un grupo de profesores, entre eles o equipo directivo e a orientadora, se reúnen para falar dos casos de varios alumnos do centro. Entre eles, o do seu /súa fillo/a

Nestas reunións, decídense as medidas correctoras adaptadas a cada alumno/a. Agradecemos que valoren este esforzo persoal e profesional.

Un cordial saúdo:

O equipo que atende a aula de convivencia.

**ANEXO XIII. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS QUE NON AUTORIZAN MENSAXE SMS/
E-MAIL**

A Aula de Convivencia é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento da clase. Nesta aula, o profesorado trata de darlle axuda ó adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ó cambio.

A continuación infórmolle das veces que o seu fillo/a acudiu, polas súas condutas contrarias ás normas, á Aula de Convivencia durante o mes de: _____

DATA	MATERIA	MOTIVO E TIPO DE FALTA
Expulsións durante días completos:		

Se o considera oportuno, pode concertar unha cita co titor/a para solicitar máis información sobre o seu fillo respecto da súa conduta no centro.

Atentamente,

(CoordinadorA da Aula de Convivencia)

Solucións intentadas no centro (especificar data e revisión de acordos)	
Titoría:	
Depart. orientación	
Mediación	
Xefatura/dirección	
Outras (servizos sociais...)	
Solucións intentadas coa familia (especificar data e revisión de acordos)	

ANEXO XV. ENQUISTA DE VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA

Esta enquisa é anónima e ten o propósito de valorar á actuación da Aula de Convivencia do centro, co fin de poder discutir sobre as súas fraquezas e fortalezas no último claustro deste trimestre. Cúbrea e colócaa no casilleiro de Anabel.

1. VALORA DO 1 Ó 10 A ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA (sendo 1 moi pouco e 10 excelente), en canto ós seguintes elementos:

A coordinación entre os membros da AC	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
A actuación da persoa coordinadora	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
A coordinación entre os membros da AC e a dirección	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
A utilidade ou efectividade da medida como estratexia de xestión dos conflitos	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

2. RESPONDE

Consideras oportuno que se lle privara ó acceso á AC ó alumnado que incumpria unha e outra vez os seus compromisos?	SI	NON	ÁS VECES
Les a ficha resumo cos acordos logo de enviar a un alumno/a á AC ?	SI	NON	ÁS VECES
Revisas o traballo curricular que elabora o alumnado na AC?	SI	NON	ÁS VECES
Falas co alumno/a unha vez que este tivo reflexionado na AC?	SI	NON	ÁS VECES
O tempo para solicitar material curricular é suficiente?	SI	NON	ÁS VECES

3. EN XERAL, QUE FELICITAS?

4. QUE CRITICAS?

5. QUE PROPÓS?

ANEXO XVI. ENQUISA DE VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA:**ENQUISA Ó ALUMNADO**

Esta enquisa é anónima e ten o propósito de valorar á actuación da Aula de Convivencia do centro.

1. Que é para ti a Aula de Convivencia?

- Un espazo de reflexión.
- Un espazo de traballo
- Un espazo de traballo e de reflexión
- Un sitio onde te castigan
- Outras: _____

Explica por qué _____

2. Despois de que un profesor/a expulsara a un compañeiro teu á Aula de Convivencia, consideras que éste volveu?

- Mellor Igual que sempre Peor

E despois de ser expulsado durante días?

- Mellor Igual que sempre Peor

Por qué ? : _____

3. Entendes os motivos e os pasos a seguir para ir expulsado á aula de convivencia? SI
 NON

E para que se che faga un expediente? SI NON

4. Sabías que o profesorado que atende a Aula de Convivencia se reúne unha vez por semana para comentar o voso comportamento? SI NON

5. Consideras que é mellor que un alumno/a traballe na Aula de Convivencia no lugar de ir expulsado para casa? SI NON

6. Sabes quen é a persoa coordinadora da Aula de convivencia..? SI, é NON
En que consiste o seu traballo? _____

7. EN XERAL, QUE LLE VES DE POSITIVO A AULA DE CONVIVENCIA?

8. QUE CRITICAS DA AULA DE CONVIVENCIA?

9. QUE PROPÓS PARA A SÚA MELLORA?

En caso afirmativo, contesta:

- Sentícheste escoitado e comprendido polo profesor/a que atendía a Aula de Convivencia?
 - SI NON ÁS VECES
- Houbo algún profesor/a na aula de convivencia que che axudara máis? Por qué?


- A entrevista ou a ficha de reflexión axudouche a resolver o teu problema?
 - SI NON ÁS VECES
- Os acordos ós que chegaches eran posibles de levar a cabo? SI NON ÁS VECES
- Os acordos eran reais ou finxidos?
- Alguén axudouche a revisar eses acordos? SI, Quen?..... NON
- Os acordos non funcionaron porque.....
- Á volta do periodo de expulsión como te sentiches no grupo ?
 - Mellor que antes Non cambiou nada Peor que antes
- O periodo de expulsión con traballo á Aula de Convivencia axudouche a: (podes escoller máis dunha opción):
 - reflexionar
 - tranquilizarte
 - mellorar o teu comportamento
 - enfriar o problema
 - non te axudou
 - outras:.....

- Normalmente, cando volvo da aula de convivencia co profesor/a.....
 - falamos/chegamos xuntos a un acordo
 - non pasa nada
 - sótame unha bronca
 - outras.....

- Que che gustaría que pasara á volta co profesor/a que che expulsou:

- Como reacciona a túa familia cando vas expulsado á Aula de Convivencia?.....
.....
- A túa familia coñece os acordos ós que chegas na Aula de Convivencia? SI NON

ANEXO XVII. MANUAL DO PROFESORADO QUE ATENDE A AULA DE CONVIVENCIA



**MANUAL DO PROFESORADO
QUE ATENDE A AULA DE
CONVIVENCIA**

DECÁLOGO DA ENTREVISTA NA AULA DE CONVIVENCIA

-GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN-

1. ACLARA A TEU ROL E A FUNCIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA, SE É A PRIMEIRA VEZ QUE ACODE .

2. DEIXA QUE CHE EXPLIQUE O QUE PASOU, SEN XULGALO/A NIN REGAÑALO, MAIS SEN QUE DIVAGUE OU SE PROLONGUE DEMASIADO NAS EXPLICACIÓNS. INTENTA CALMALO. ADAPTA O TEU VOCABULARIO E USA AS TÉCNICAS DA ESCOITA ACTIVA (Clarificar, Parafrasear, Resumir , Reflexar...)

3. COMENTA A VERSIÓN DO PROFESOR/A ACLARANDO POR QUÉ É TAN DIFERENTE A SUA VISIÓN DO CONFLICTO. DESPOIS, ANALIZA A QUÉ ATRIBUE O ALUMNO O PROBLEMA:

- Que explicación lle das ti ó que te ocorre? Cal pensas que é a causa deste problema?
- Como empezou? Que é o que impide que se resolva?
- Que está mantendo o problema?
- Hai algo que estea no teu control para resolvelo?

4. CÉNTRATE NOS OBXECTIVOS A CONSEGUIR E NON TANTO NAS CAUSAS DO PROBLEMA:

- Que cousas vas facer que agora non fas?
- Que deixarás de facer?
- Que farás de diferente maneira cando xa consigas (... , portarte ben)?
- En qué notarán os demais que xa conseguiches o que te propós?

5. ANALIZA AS SOLUCIÓNS INTENTADAS INEFICACES (utiliza a ficha de reflexión):

- Que fas cando sucede?
- Como reaccionan os que te rodean cando...?
- E despois, que fas ti?
- De que xeito che axudan os demais canto ti....?
- Que efecto ten en ti esa axuda? Que fas? Como reaccionas?

6. AVERIGUA SE HAI ALGUNHA EXCEPCIÓN RELACIONADA CO OBXECTIVO (veces que se ten portado ben, temporadas sen partes ...)

- Hai algo deste (...) que xa te estea ocorrendo noutras materias?
- Cando xa o consigas(...), que será diferente?

- Que ten que pasar par que ocorra mais a miúdo?
- Como conseguiches que sucedera? Que é diferente nos momentos en que todo vai mellor?
- Como resolviches este problema en ocasións anteriores? ¿Cómo conseguiches deixar de portarte mal?

7. ELABORA UNHA HIPÓTESE MENTAL E PRESCRIBE UNHA TAREFA:

- A prescripción debe ser sinxela, fácil de levar a cabo e única

Actitude pasiva do alumno/a:

- Tarefas de observación: “gustaríame que observases esta semana qué cualidades tes que che poden axudar a mellorar a túa relación cos demais. Observa como te afecta isto no teu estado de ánimo.”
- Tarefas optativas: “se volve a suceder opta por algunha destas tres vías: agardar ó final da clase para protestar, comentarlle isto nun recreo mais relaxadamente, contar ata dez e logo dicirlllo primeiro a un amigo.”
- Tarefas máxicas: “algunhas veces o comportamento é cuestión de sorte. Tira unha moeda ó aire e a ver que pasa.”
- Tarefas paradóxicas: “eu creo que non tes ningún problema, eu na túa situación faría peor, lle daría unha labazada alí mesmo. Faino mais.”

Actitude activa do alumno/a:

- Reforzo positivo
- Consello directo
- Tarefa de calma:ocúpate mellor de non mellorar demasiado depresa para que o que consigas sexa mais estable.

8. INTENTA AXUDARLLE A REDACTAR UN COMPROMISO

Os compromisos deben...

- ’ Ser concretos e medibles
- ’ Estar definidos en termos positivos
- ’ Ser revisables e acadables a curto prazo
- ’ Ser negociados “á baixa” e partir dos obxectivos do propio alumno.

9. **NEGOCIA AS CONDICIÓN S DE VOLTA Á AULA ORDINARIA:**

- Petar antes de entrar
- Evitar os sorrisos, burlas ou facerse o gracioso ó entrar porque ven da AC
- Pedir disculpas se as circunstancias o aconsellan
- Sentarse e traballar discretamente

10. **DESPÍDETE AGRADECENDO A SÚA COLABORACIÓN AÍ NDA QUE NON A HOUBESE**

Habilidades do profesorado da aula

- ' Escoitar antes de falar: Non apresurarse a tomar posición antes de que o fixo o alumno.
- ' Aceptar os puntos de vista do alumnado.
- ' Eloxiar no canto de criticar.
- ' Mostrarse respectuoso coa vida dos alumnos/as.

Uso da linguaxe: utiliza a linguaxe estatéxicamente utilizando:

O condicional (o condicional fai que pareza que non é idea túa, que sale de el/ela

- Que pasaría si...
- Sería unha locura pensar que pronto ...

A linguaxe preposicional(da a entender que eso que queres que ocorra e xa unha realidade):

- Cando se solucione...
- Cando non teñas este problema...